

PREZOS PÚBLICOS 2012

PREZO PÚBLICO POLAS PRESTACIÓNS DE APOIO Á AUTONOMÍA PERSOAL E ATENCIÓN Á DEPENDENCIA. (PAAD).

Artigo 1º.- Obxecto

O obxecto deste prezo público é o cobramento das prestacións de apoio á autonomía persoal e atención á dependencia.

Artigo 2º.- Obriga de pagamento

Están obrigados ao pagamento as persoas físicas que resulten beneficiarias dos servizos prestados de apoio á autonomía persoal e atención á dependencia.

Establécese o cofinanciamento dos servizos en función da capacidade económica derivada dos ingresos da persoa ou persoas demandantes de acordo ao establecido nos *artigos 17 e 18 da Orde do 22 de xaneiro de 2009 pola que se regula o servizo de axuda no fogar.*

Non obstante cando a persoa usuaria sexa un discapacitado menor de idade tan só se computaran os ingresos que figuren ao seu nome ou aqueles outros que reciban os pais ou titores en concepto do menor.

Artigo 3º.- Importe

• SERVIZO DE AXUDA A DOMICILIO (SAD).

SAD Renda computable segun criterios da Orde <i>22 de xaneiro de 2009 pola que se regula o servizo de axuda no fogar</i>	PRECIO HORA ORDINARIA	PRECIO HORA FESTIVA OU NOCTURNA
TARIFA MINIMA: Renda computable igual ou inferior ao 100% do IPREM	0 €	0 €
TARIFA 1: Renda computable 100,01% ao 150 % do IPREM/mes	1.66 €	1.86 €
TARIFA 2: Renda computable 150,01% ao 250%do IPREM/mes	2.49 €	2.78 €
TARIFA 3: Renda computable 250,01% ao 300% do IPREM/mes	3.04€	3,71 €
TARIFA 4: Renda computable 300,01% ao 350% do IPREM/mes	4.65€	5.21 €
TARIFA 5: Renda computable 350,01% ao 400% do IPREM/mes	6.30€	7.06 €
TARIFA6: Renda computable 400,01% ao 450%do IPREM/mes	7.46€	8.36 €
TARIFA 7: Renda computable 450,01% ao 500 % do IPREM/mes	9.12€	10.23 €
TARIFA 8: Renda computable 500,01% ao 600 % do IPREM/mes	10.12€	11.33€

TARIFA 8: Renda computable Mais de 600 % do IPREM/mes	9.89€	12.08€
---	-------	--------

O Servizo Municipal de Axuda a Domicilio do Concello de Culleredo dará prioridade no acceso ao servizo ás persoas que teñan un dereito recoñecido de atención dentro do sistema de autonomía e atención á dependencia segundo recolle o artigo 5 da antedita Orde. Non obstante poderán solicitar en réxime de "libre concorrència" calquera persoa que se encadre no perfil de persoas destinatarias recollidas no Regulamento Interno do servizo que accederán a este segundo os criterios de prioridade alí recollidos.

O máximo de horas de atención virán determinadas polo programa individual asignado no PIA , ou documento de plan individual de asistencia vinculado á Lei de dependencia ,no caso de persoas valoradas como dependentes polo órgano competente da Xunta de Galicia, ou polo criterio profesional do Traballador Social municipal que realiza a baremación e os demais criterios ao respecto recollidos no regulamento municipal no caso do acceso por "libre concorrència ".

A atención en horario nocturno ou festivos queda reservado exclusivamente as persoas con recoñecemento oficial de dependencia e no caso de libre concorrència ao que explicita o regulamento municipal .

A facturación mensual do servizo calcularase de acordo ás seguintes especificacións:

Ás persoas que accedan por libre concorrència se lles facturarán as horas reais e efectivas que se realicen no mes en curso sempre que non incorran nos supostos de ausencias inxustificadas.

Para as persoas que accedan pola vía da Lei de Dependencia teráselles en conta o número total de horas mensuais asignadas no seu PIA ou ben o número de horas de ese total que queiran utilizar. Multiplicarase polos meses restante do ano en curso e se dividirán entre o número de días en que se lle vai a facilitar a prestación nese ano. Iso daranos como resultado o promedio de horas que se realizarán cada día de prestación.

Naqueles supostos que incorran en ausencias inxustificadas e non avisen con dez días de antelación de acordo ao recollido no artigo 7 punto 7 da Orde do 22 de xaneiro de 2009 pola que se regula o servizo de axuda no fogar: "a comunicar, en circunstancias ordinarias e previsibles, con dez días de antelación, calquera ausencia temporal do domicilio que puidese impedir a prestación do servizo", facturaráselles o custe completo da hora de prestación establecido no contrato da concesión do servizo público de xestión e execución da prestación do SAD.

Polo tanto, nos casos en que o usuario non avise co tempo establecido, non se atope no domicilio ou non poda xustificar á ausencia por motivos de saúde ou de ineludible cumprimento facturarase o custe real do servizo independentemente do tramo de renda que lle corresponda.

2. Modificar o artigo 4. Nacemento da obriga.

O nacemento da obriga prodúcese o primeiro día en que se inicie a prestación dos respectivos servizos.

As baixas poden realizarse de oficio por parte da administración nos supostos contemplados no regulamento do PAAD ou a demanda da persoa solicitante. Neste último caso faise necesario presentar a baixa por escrito no Rexistro Municipal.

O servizo poderá suspenderse por un máximo de tres meses debendo acreditar a persoa usuaria as causas que motivan a súa ausencia. Segundo a Orde de 22 de xaneiro de 2001, pola que se regula o servizo de axuda no fogar, o usuario deberá comunicar, en circunstancias ordinarias e previsibles, con dez días de antelación, calquera ausencia temporal do domicilio que puidese impedir a prestación do servizo.

Cando as circunstancias imposibiliten este trámite (ingreso urxente nun centro hospitalario ou algunha outra causa sobrevida de xeito emerxente), queda eximido de cumprir o prazo de solicitude por adiantado, se ben deberá xustificalo co correspondente informe médico ou similar que xustifique a ausencia. Nestes supostos non se cobrarán os días de servizo non realizados.

O Concello de Culleredo facturará a mes vencido, e resulta obrigatorio o pagamento estipulado, sendo motivo de suspensión do servizo o incorrer en débedas. Aquelas persoas usuarias que se dan de baixa e teñan pendente algunha mensualidade non poderán ser dados de alta de novo sen previamente saldar a débeda.

3. Modificar o artigo 5. Normas de xestión.

- A xestión do prezo público corresponde á Unidade municipal de Benestar Social.
- A solicitude de prestación do servizo supón a orde irrevogable de domiciliación bancaria dos sucesivos recibos mensuais que se presenten ao cobramento, ata a baixa no servizo e se firmará polo solicitante simultaneamente coa solicitude de prestación. A devolución de dúas cotas mensuais consecutivas ou tres alternas determinará a interrupción do servizo.
- Como consecuencia da alta, o suxeito pasivo darase por notificado das sucesivas liquidacións que se practiquen coas bases acordadas.
- Mensualmente, o órgano xestor remitirá as liquidacións para a súa aprobación e os documentos e soportes necesarios para o cargo na conta en que estean domiciliados os cobramentos e o ingreso das cotas en fondos municipais.
- No caso de que por razóns do servizo alleas ao usuario non se lle poda atender o usuario, descontarase do prezo público correspondente ao mes en que suceda as horas de servizo non prestadas.
- Cando se dea a circunstancia dunha parella pensionista cunha única pensión e un dos cónxuxes ingrese nunha Residencia da Terceira Idade e o outro permaneza no domicilio requirindo axuda a domicilio, calcularase a tarifa en base aos dous membros. Isto sempre e cando xustifiquen o gasto mensual da Residencia.
- A petición por escrito do interesado, ou de oficio se a situación é coñecida pola área técnica municipal Benestar Social, tramitarase expediente de redución ou aumento de taxa cando os ingresos da persoa beneficiaria varíen ao longo do período de prestación do servizo.

Prezo público pola participación en actividades para a mocidade

1. Obxecto

O obxecto deste prezo público é o cobramento da participación nas actividades socioeducativas , de ocio e de iniciación deportiva destinadas a mozos e mozas entre 12 e 30 anos.

2. Obrigación de pagamento

Están obrigados ao pagamento as persoas físicas que se inscriban nas diferentes actividades convocadas polo concello no eido dos programas de intervención con mozos e mozas .

3. Importe

Sempre que haxa praza dispoñibles despois da inscrición das persoas empadroadas en Culleredo, poderán inscribirse persoas non empadroadas tendo prioridade as empadroadas en Culleredo .

En todo caso os grupos botarán a nadar só no caso de ter cubertas alomenos un 60% das prazas con persoas empadroadas en Culleredo

-Actividades gratuítas: Aquelas que se sinalen en cada nova convocatoria pública, e entre elas este ano: Programa "Venres Mozos "e Aula de estudo

- Inscrición en Roteiros que non requiran transporte ,campionatos, torneos e participación en de xogos populares para persoas empadroadas: 1,02€

- Inscrición en Roteiros que non requiran transporte, campionatos, torneos e participación en de xogos populares para persoas non empadroadas : 3,05€

- Actividades de duración mensual ou de 4-5 sesións

Cada sesión de 1 h/ á semana para persoas empadroadas 5,09€/mes

Cada sesión de 1 h/ á semana para persoas non empadroadas 15,27€/mes

-Excursións de longo percorrido dentro de Galicia para persoas empadroadas : 7,50€

-Excursións de longo percorrido dentro de Galicia para persoas non empadroadas : 22,00 €

-Excursións de curto percorrido dentro da comarca para persoas empadroadas:5,00 €

-Excursións de curto percorrido dentro da comarca para persoas non empadroadas: 7,00 €

-Para actividades de carácter específico fixarase o prezo público no momento da súa convocatoria.

Segundo o número de sesións semanais e a duración da actividade no tempo o prezo irá aumentando ou diminuindo proporcionalmente aos aquí regulados

4. Bonificacións.

Os xoves que exerzan cada ano de Antenas xuvenís nos centros formativos ou sexan voluntarios en activo da OMVOL disfrutará dunha actividade gratuíta ao ano das que convoque a casa da Mocidade.

Queda a criterio dos profesionais do Equipo municipal de Servizos sociais servizo establecer de oficio a gratuidade naqueles casos que se estime oportuno dadas as circunstancias persoais ou sociofamiliares mediante informe social que acompañará ao procedemento da solicitude.

5. Nacemento da obriga.

O nacemento da obriga prodúcese o primeiro día do mes natural con independencia do día en que se inicie a participación na actividade e o pago realizarase por adiantado no período establecido na respectiva convocatoria sendo motivo de suspensión do servizo o incorrer en débedas.

Aquelas persoas usuarias que se den de baixa e teñan pendente algunha mensualidade non poderán ser dados de alta de novo sen previamente salda -la débeda.

6. Xestión.

- A xestión do prezo público corresponde á Unidade de Benestar Social.

Hai dúas modalidades de pago :

- A través de ingreso bancario do xeito que se especifique na convocatoria de cada período de inscrición.
- De xeito excepcional, en efectivo, mediante CARTA DE PAGO se a matriculación na actividade, habendo plaza ,é posterior ao inicio de cada período de inscrición."

"Tendo en conta a proposta do Xefa de servizo de benestar, e de acordo co establecido no artigo 41 e seguintes do Real Decreto Lexislativo 2/2004 de 5 de marzo, proponse ao Pleno da Corporación:

1) o establecemento do prezo público pola participación nas actividades socioeducativas e de ocio destinadas a persoas maiores de 65 anos e os seus cónxuxes ou parellas de feito, de acordo coas características que se especifican.

2) a delegación na Xunta de Goberno Local da modificación do prezo público establecido, conforme ao previsto na artigo 23 da Lei 7/1985 de 2 de abril, reguladora das bases de réxime local.

3) publicar o presente acordo no taboleiro de anuncios da entidade e no Boletín Oficial da Provincia, de conformidade co disposto polo artigo 59.5 da lei 30/92. O prezo público comezará a aplicarse a partir do día 1 de xaneiro de 2009, unha vez que se realicen as devanditas publicacións e que transcorra o prazo previsto no artigo 65.1 da lei 7/85, do 2 de abril, Reguladora das bases de réxime local, permanecendo en vigor ata a súa modificación ou derogación expresa.

Prezo público pola participación nas actividades socioeducativas e de ocio destinadas a persoas maiores de 65 anos e os seus cónxuxes ou parellas de feito

1. Obxecto

O obxecto deste prezo público é o cobramento da participación nas actividades socioeducativas e de ocio destinadas a persoas maiores de 65 anos e os seus cónxuxes ou parellas de feito.

2. Obrigación de pagamento

Están obrigados ao pagamento as persoas físicas que se inscriban nas diferentes actividades convocadas polo concello no eido dos programas de intervención con persoas maiores .

3. Importe

Sempre que haxa praza dispoñibles despois da inscrición das persoas socias do centro , poderán inscribirse persoas non socias tendo prioridade as empadroadas en Culleredo .

En todo caso os grupos botarán a andar só no caso de ter cubertas alomenos un 60% das prazas con persoas empadroadas en Culleredo

- Actividades de balde: Aquelas que se sinalen en cada nova convocatoria pública , e entre elas este ano

-Teatro

-Obradoiro de radio

-Roteiros dentro do concello que non precisen de transporte

-Inscrición en Roteiros que non precisen transporte, campionatos, torneos e participación en xogos populares para persoas socias :1,20€

-Inscrición en Roteiros que non precisen transporte, campionatos, torneos e participación en de xogos populares para persoas non socias:3,20€

- Actividades de duración mensual ou de 4-5 sesións

Cada sesión de 1 h/ á semana para persoas socias:3,00€/mes

Cada sesión de 1 h/ á semana para persoas non socias:4,00€/mes

-Excursións de longo percorrido dentro de Galicia para persoas socias:7,50€

-Excursións de longo percorrido dentro de Galicia para persoas non socias:12,00€

-Excursións e roteiros de curto percorrido dentro da comarca para persoas socias:4,50€

-Excursións e roteiros de curto percorrido dentro da comarca para persoas non socias:7,00€

-Para actividades de carácter específico fixarase o prezo público no momento da súa convocatoria. Según o número de sesións semanais e a duración da actividade no tempo o prezo irá aumentando ou diminuindo proporcionalmente aos aquí regulados.

4. Bonificacións.

Os delegados e delegadas parroquiais voluntarios electos do Centro de persoas maiores e demais voluntariado en activo da OMVOL disfrutarán dunha subvención do 80% nos prezos aquí establecidos nun máximo de catro actividades dunha hora de duración, coincidentes no tempo.

Queda a criterio dos profesionais do Equipo municipal de Servizos sociais servizo establecer de oficio a gratuidade naqueles outros casos que se estime oportuno dadas as circunstancias persoais ou sociofamiliares mediante informe social que acompañará ao procedemento da solicitude.

5. Nacemento da obriga.

O nacemento da obriga prodúcese o primeiro día do mes natural con independencia do día en que se inicie a participación na actividade e o pago realizarase por adiantado no periodo establecido na respectiva convocatoria sendo motivo de suspensión do servizo o incurrir en débedas.

Aquelas persoas usuarias que se den de baixa e teñan pendente algunha mensuralidade non poderán ser dados de alta de novo sin previamente salda -la débeda.

6. Xestión.

- A xestión do prezo público corresponde á Unidade de Benestar Social.
- Hai dúas modalidades de pago :
 - A través de ingreso bancario do xeito que se especifique na convocatoria de cada período de inscrición.
 - De xeito excepcional, en efectivo, mediante carta de pagamento se a matriculación na actividade, habendo plaza, é posterior ao inicio de cada período de inscrición ."

"Dende hai varios anos este Concello ven prestando o servizo de tala e roza de eucaliptos, pinos e acacias e/ou desbroce de toda biomasa arbustiva e subarbustiva no espazo rural e dos asentamentos de poboación, como medida preventiva e de defensa contra incendios forestais.

De acordo co establecido no artigo 41 e seguintes do Real Decreto Lexislativo 2/2004 de 5 de marzo, propónse ao Pleno da Corporación:

- 1) o establecemento do prezo público pola prestación do servizo de tala e roza no Concello de Culleredo, de acordo coas características que se especifican.
- 2) a delegación na Xunta de Goberno Local da modificación do prezo público establecido, conforme ao previsto na artigo 23 da Lei 7/1985 de 2 de abril, reguladora das bases de réxime local.
- 3) publicar o presente acordo no taboleiro de anuncios da entidade e no Boletín Oficial da Provincia, de conformidade co disposto polo artigo 59.5 da lei 30/92. O prezo público comezará a aplicarse a partir do día 1 de xaneiro de 2009, unha vez que se realicen as devanditas publicacións e que transcorra o prazo previsto no artigo 65.1 da lei 7/85, do 2 de abril, Reguladora das bases de réxime local, permanecendo en vigor ata a súa modificación ou derogación expresa.

Prezo público pola prestación do servizo de tala e roza no Concello de Culleredo

1.- Obxecto.

Constitúe o obxecto do presente prezo público a utilización do servizo de corta de eucaliptos, pinos e acacias e/ou desbroce de toda biomasa arbustiva e subarbustiva no espazo rural e dos asentamentos de poboación no Concello de Culleredo.

Este servizo incluírá a destrución in situ, por triturado, da biomasa, así como o desembosque da madeira talada.

A madeira talada pertencerá aos propietarios dos terrenos.

2.- Obriga de pagamento.

Estarán obrigados ao pago do prezo público aquelas persoas que soliciten e se beneficien dos servizos antes indicados, entendendo por tales os propietarios dos terreos sobre os que en cada caso se actuara.

3.- Nacemento da obriga e normas de xestión e ingreso.

O nacemento da obriga prodúcese coa realización dos traballos de tala e roza, previa solicitude do interesado.

O abono dos prezos que se establecen farase unha vez que o servizo sexa prestado, previa liquidación practicada polo Concello de Culleredo en función da superficie sobre a que en cada caso se tivera actuado.

4.- Importe.

A contía do prezo público axustarase á seguinte estrutura:

	€/Ha.	€/m2
Tala e roza	2.246,32	0,2246
Desbroce	1.746,89	0,1747

Estes prezos, que inclúen o IVE correspondente, veranse rebaixados no caso de que os terreos sobre os que se actúe estean incluídos no Programa de actuación do Concello de Culleredo en concordancia coa planificación preventiva do Distrito Forestal dentro do Convenio de colaboración que cada ano se asine coa Xunta de Galicia para a participación na protección de núcleos rurais mediante a realización de traballos de prevención e defensa contra incendios forestais nas faixas de especial protección. Neste caso a contía do prezo público será a que segue:

	€/Ha.	€/m2
Tala	325,76	0,033
Eliminación restos tala	214,80	0,021
Desbroce	530,38	0,053

Estes prezos inclúen o IVE correspondente"

PREZO PUBLICO POR ENSINANZAS E ACTIVIDADES EDUCATIVAS E DE FOMENTO DA IGUALDADE DE XÉNERO, CULTURALS, DEPORTIVAS, XUVENÍS E PARA PERSOAS ADULTAS, MAIORES E/OU CON ALGUNHA DISCAPACIDADE ESPECIFICA.

1. Obxecto.

O obxecto deste prezo público é o cobramento da participación nas actividades impartidas de ensinanzas en centros municipais e a prestación de actividades educativas e de fomento da igualdade de xénero, culturais, deportivas, xuvenís e para persoas adultas, maiores e/ou con algunha discapacidade específica.

2. Obrigación de pagamento

Están obrigados ao pagamento as persoas físicas ou xurídicas e as entidades que participen nas actividades impartidas de ensinanzas en centros municipais e a prestación de actividades educativas e de fomento da igualdade de xénero, culturais, deportivas, xuvenís e para persoas adultas, maiores e/ou con algunha discapacidade específica.

3. Importe.

CENTRO OCUPACIONAL DE PERSOAS CON DISCAPACIDADE INTELLECTUAL "A ESCADA"	
-Tarifa mínima: RENDA PERSOAL (RP) computable de <= 100% do IPREM/mes	
Matricula do período formativo do ano no que formaliza a mesma	49,69 €
Cota mensual de transporte	39,00 €
Cota mensual de xornada formativa	51,00 €
Tarifa 1: RP>100% e <=200% do IPREM/mes	
Matricula do período formativo do ano no que formaliza a mesma	99,00 €
Cota mensual de transporte	61,00 €
Cota mensual de xornada formativa	169,70€
Tarifa 2: RP>200% do IPREM/mes	
Matricula do período formativo do ano no que formaliza a mesma	120,89 €
Cota mensual de transporte	65,58 €

Cota mensual de xornada formativa	287,54 €
Actividades complementarias: independentemente da RP	
Clases de natación terapéutica (1 día/semana)	25,49 €
Obradoiro cociña, por mes (1 día/semana)	11,00 €

1. A Renda persoal (RP) calcularase en función dos ingresos brutos da persoa usuaria do centro. Nesta RP non se inclúiran os ingresos derivados da percepción dunha prestación por orfandade en aplicación do Real Decreto anual vixente en cada momento de revalorización e complementos de pensións e clases pasivas.

2. Para as persoas empadroadas en Culleredo ás que lles corresponda a tarifa mínima a xornada formativa será gratuíta.

3. Para as persoas empadroadas en Culleredo, orfas de pai e nai e titorizados legalmente por outros familiares, non computarán como renda persoal os ingresos procedentes das pensións de orfandade.

4. Para as persoas empadroadas e/ou residentes de xeito comprobable noutros concellos sen convenio de prazas co C.O.M. "A Escada" a tarifa a aplicar será a Tarifa 2, independentemente da súa R.P.

5. En función do itinerario de inserción laboral no que se atope a persoa usuaria, a cuota mensual da xornada formativa reducirase proporcionalmente en función do número de horas que asista ao centro seguindo os criterios de regulamento do mesmo.

6. Matrícula: No caso de que a matrícula se produza finalizado o mes de xaneiro, o seu importe reducirase proporcionalmente ao número de meses transcorridos do ano natural, considerando só meses completos transcorridos, de acordo co seguinte cálculo:

6.1. Matrícula a pagar no caso da tarifa mínima = 48,25euros x [(12 - meses completos transcorridos do ano natural) / 12]. De tal forma que os importes serán:

Matrícula formalizada para a tarifa mínima			Importe
entre o	01-febreiro	e o 28-febreiro	44,23 €
entre o	01-marzo	e o 31-marzo	40,21 €
entre o	01-abril	e o 30-abril	36,19 €
entre o	01-maio	e o 31-maio	32,17 €
entre o	01-xuño	e o 30-xuño	28,15 €
entre o	01-xullo	e o 31-xullo	24,13 €
entre o	01-agosto	e o 31-agosto	20,10 €
entre o	01-setembro	e o 30-setembro	16,08 €
entre o	01-outubro	e o 31-outubro	12,06 €
entre o	01-novembro	e o 30-novembro	8,04 €
entre o	01-décembro	e o 31-décembro	4,02 €

6.2. Matrícula a pagar no caso da tarifa 1 = 96,52 euros x [(12 - meses completos transcorridos do ano natural) / 12]. De tal forma que os importes serán:

Matrícula formalizada para a tarifa 1			Importe
entre o	01-febreiro	e o 28-febreiro	88,44 €
entre o	01-marzo	e o 31-marzo	80,40 €
entre o	01-abril	e o 30-abril	72,36 €
entre o	01-maio	e o 31-maio	64,32 €
entre o	01-xuño	e o 30-xuño	56,28 €

entre o	01-xullo	e o	31-xullo	48,24 €
entre o	01-agosto	e o	31-agosto	40,20 €
entre o	01-setembro	e o	30-setembro	32,16 €
entre o	01-outubro	e o	31-outubro	24,12 €
entre o	01-novembro	e o	30-novembro	16,08 €
entre o	01-decembro	e o	31-decembro	8,04 €

6.3. Matrícula a pagar no caso da tarifa 2= 117,37 euros x [(12 - meses completos transcorridos do ano natural) / 12]]. De tal forma que os importes serán:

Matrícula formalizada para a tarifa 1				Importe
entre o	01-febreiro	e o	28-febreiro	107,58 €
entre o	01-marzo	e o	31-marzo	97,80 €
entre o	01-abril	e o	30-abril	88,02 €
entre o	01-maio	e o	31-maio	78,24 €
entre o	01-xuño	e o	30-xuño	68,46 €
entre o	01-xullo	e o	31-xullo	58,68 €
entre o	01-agosto	e o	31-agosto	48,90 €
entre o	01-setembro	e o	30-setembro	39,12 €
entre o	01-outubro	e o	31-outubro	29,34 €
entre o	01-novembro	e o	30-novembro	19,56 €
entre o	01-decembro	e o	31-decembro	9,78 €

ACTIVIDADES DAS AULAS ABERTAS MUNICIPAIS PARA PERSOAS ADULTAS

- Importe en concepto de material a aboar ao inicio de cada período de inscrición:

ao inicio de cada mes de actividade nas aulas de EBA e ESA .	1,02 €
ao inicio de cada trimestre de actividade nas aulas de familias e de persoas coidadoras.	1,02 €
ao inicio de cada trimestre de actividade nas aulas de EBA e ESA	3,10 €
ao inicio de cada trimestre nas aulas de tecnoloxía	5,30 €
ao inicio de cada trimestre na Aula dixital intercultural	5,30 €
ao inicio de cada trimestre na Aula de iniciación ao inglés	5,30 €
saídas culturais cunha duración de ½ día	2,25 €
saídas culturais cunha duración dun día	4,25 €

ENSINANZAS CULTURAIAS

Matrícula de menores de 18 anos	70 €
Matrícula de maiores de 18 anos	80 €
Matrícula en varias escolas culturais	60 €
Matrícula por varios membros da unidade familiar	60 €
Inscrición en actividades culturais diversas	30 €

ENSINANZAS DEPORTIVAS

Matrícula de menores de 18 anos	70 €
Matrícula de maiores de 18 anos	80 €
Matrícula en varias escolas deportivas	60 €

Matrícula por varios membros da unidade familiar	60 €
Cursos deportivos superiores a 20 horas. Con transporte	80 €
Cursos deportivos superiores a 20 horas. Sen transporte	47 €
Cursos deportivos inferiores a 20 horas. Con transporte	70 €
Cursos deportivos inferiores a 20 horas. Sen transporte	35 €
Cursos de natación. Con transporte	80 €
Cursos de natación. Sen transporte	40 €
Cursos de natación. Con transporte con abono familiar	72 €
Cursos de natación. Sen transporte con abono familiar	35 €
CONSERVATORIO DE MÚSICA MUNICIPAL	
a) Iniciación.	
Matrícula	86,80 €
Mensualidade	46,75 €
b) Grao elemental.	
Matrícula proba de acceso ao grao elemental	20,00 €
Curso completo	
Matrícula ou ampliación de matrícula	152,61 €
Mensualidade	96,18 €
Segunda especialidade	
Matrícula por materia	50,80 €
Mensualidade	32,06 €
Convalidación por materia superada	10,00 €
Materia pendente adicional á matrícula nun curso completo.	
Matrícula	80,75 €
Materia pendente, só 4º curso	
Matrícula	80,75 €
Mensualidade	48,15 €
c) Grao profesional.	
Matrícula proba de acceso ao grao profesional	86,80 €
Curso completo.	
Matrícula	173,61 €
Mensualidade	110,41 €
Segunda especialidade	
Matrícula por materia 1º e 2º curso	43,40 €
Mensualidade	28,42 €
Matrícula por materia 3º e 4º curso	34,72 €
Mensualidade	23,00 €
Matrícula por materia 5º e 6º curso	28,93 €
Mensualidade	20,00 €
Convalidación por materia superada	10,00 €
Materias pendentes adicionais á matrícula nun curso completo.	
Matrícula	102,61 €
Materia pendente, só 6º curso	
Matrícula	102,61 €

Mensualidade	84,99 €
As cotas mensuais aplicables ós alumnos dos que a unidade familiar esté empadroada en Culleredo son:	
<i>Alumnos con RPC superior a 360,60 €</i>	
Iniciación	
Mensualidade	32,68 €
Grao Elemental	
Mensualidade curso completo	65,40 €
Mensualidade asignaturas soltas	32,68 €
Grao Profesional	
Mensualidade curso completo	77,25 €
Mensualidade asignaturas soltas	58,79 €
<i>Alumnos con RPC dende 240,40 € ata 360,60 €</i>	
Iniciación	
Mensualidade	28,00 €
Grao Elemental	
Mensualidade curso completo	56,02 €
Mensualidade asignaturas soltas	28,00 €
Grao Profesional	
Mensualidade curso completo	66,26 €
Mensualidade asignaturas soltas	50,41 €
<i>Alumnos con RPC ata 240,40 €</i>	
Iniciación	
Mensualidade curso completo	23,33 €
Grao Elemental	
Mensualidade curso completo	46,69 €
Mensualidade asignaturas soltas	23,33 €
Grao Profesional	
Mensualidade curso completo	55,74 €
Mensualidade asignaturas soltas	39,51 €
Materias pendentes, só 6º curso	
Mensualidade ata 240,40 € de RPC	35,00 €
Mensualidade dende 240,40 a 360,60 €	50,00 €
Mensualidade de máis de 360,60 €	65,00 €
CURSOS DE VERÁN DE LUNS A VENRES, AGÁS FESTIVOS:	
Para alumnos do Conservatorio:	Exentos
Resto do alumnado	
Curso de 5 horas	10,00 €
Curso de mais de 5 ata 10 horas	15,00 €
Curso de mais de 10 ata 15 horas	20,00 €
Curso de mais de 15 horas	25,00 €
ESCOLAS DE PAIS E NAIS	
Curso por bloques de contidos	
Curso completo	29,16€
Escolas de avós e avoas	

Curso completo	18,18€
ACTIVIDADES DO CENTRO MUNICIPAL DE INFORMACIÓN ÁS MULLERES (CIM)	
Actividades socio-educativas de promoción da igualdade, de duración mensual (€/mes)	7,74€
ACTIVIDADES DE CONCILIACIÓN DA VIDA FAMILIAR E LABORAL	
PROGRAMA PONTE A PUNTO (Actividades extraescolares dirixidas a alumnos de 5º e 6º de E. Primaria e 1º e 2º de ESO, para a prevención do fracaso escolar, fomento do éxito escolar e apoio á mellora da lingua estranxeira:	
1.1 ReforzaT: Dous días á semana dúas horas de duración cada día (€/mes)	10,50€
1.2 ConcienciaT: Dous días á semana dúas horas de duración cada día (€/mes)	10,50€
1.3 ExpresaT: Dous días á semana dúas horas de duración cada día (€/mes)	10,50€
MAÑÁS DE CAMPAMENTOS	
1.1 Actividades lúdico-pedagóxicas:	
Empadroados/as en Culleredo (por semana e por participante)	21,00€
Non empadroados/as en Culleredo, sempre que haxa prazas vacantes (por semana e por participante)	42,00€
1.2 Servizos complementarios (opcionais ás actividades de campamento, cun mínimo de 15 usuarios/as para cada un deles e por semana):	
Almorzo	12,50€/participante
Xantar	29,00€/participante
Transporte	31,00€/participante
Permanencia	12,00€/semana/participante

En todas as actividades de conciliación da vida familiar e social:

- Farase unha redución do 50% por participante nos casos de familias numerosas sempre que os ingresos brutos da unidade familiar non supere os 660 euros por membro.

- Para aquelas familias que non tendo a cualificación de familias numerosas teñan 2 fillos/as participantes na actividade, terán dereito a unha redución do 20% sobre o importe da actividade dun deles.

- A tarifa dos servizos complementarios será aboada integramente por todos os usuarios. Nestes servizos non se produce redución de tarifa.

- Tarifa especial: Aquelas familias que presenten informe da Concellaría de Benestar social, acreditando dificultades económicas incompatibles co pago da tarifa establecida para as actividades lúdico pedagóxicas, ou cando ámbolos dous cónxuxes estean desempregados. Deberán presentar certificación do INEM actualizada e terán dereito a unha quenda de actividade lúdico-pedagóxica, de dúas semanas de duración pola que aboarán 5€ en concepto de inscrición por cada menor solicitante.

- A tarifa dos servizos complementarios será aboada integramente por todos os usuarios. Nestes servizos non se produce redución de tarifa.

Coa solicitude da praza aboarase un 20% da prezo de todos os servizos que se soliciten, e soamente procederá a devolución deste prezo no caso de non obter praza no campamento solicitado.

Artigo 6. Xestión. Engádesse o seguinte apartado, relativo ás actividades culturais e ás actividades deportivas

- O importe do prezo público refírese ao curso completo. No momento da inscrición, poderá elixirse entre pagar o curso completo ou fraccionar o importe en trimestres, de tal xeito que a solicitude de inscrición nas actividades e a admisión nas mesmas supoña a orde irrevogable de domiciliación bancaria dos sucesivos recibos trimestrais que se deriven da obriga de pagamento, ata a finalización do curso e a asinará o solicitante simultaneamente coa solicitude de inscrición.

- A devolución de dúas cotas consecutivas determinará a interrupción do servizo. Non poderán renovar praza aqueles que teñan cuotas non pagadas de calquera outro curso no momento de formalizar a solicitude, polo que deberán estar ao día dos débitos de cursos anteriores.

-Posto que a obriga de pagamento nace coa admisión ao curso, a baixa na actividade non supón que desaparece a obriga de pagamento das cuotas nas que se fraccionara o importe da matrícula no curso.

Artigo 4. Bonificacións.

- *Conservatorio de música municipal:*

As familias numerosas de categoría xeral gozarán dunha redución do 50% nas tarifas de matrícula e as familias numerosas de categoría especial gozarán dunha redución no mesmo concepto do 100%.

- *Centro Ocupacional de persoas con discapacidade intelectual A Escada.*

No caso de ter matriculado a outro integrante da unidade de convivencia no Centro, a tarifa do segundo diminuirá nun 20% para as mensualidades de transporte, e no 50% para a cota da matrícula. A mesma diminución terá cada novo integrante da unidade de convivencia a partir do segundo.

- Familias numerosas de categoría xeral: terán unha redución do 50% no abono mensual da tarifa do transporte e na matrícula.

- Familias numerosas de categoría especial: terán unha redución do 100% no abono mensual da tarifa do transporte e na matrícula.

Queda a criterio dos profesionais do equipo municipal de Servizos Sociais establecer de oficio a gratuidade naqueles casos que se estime oportuno dadas as circunstancias persoais ou sociofamiliares mediante informe social que acompañará ao procedemento da solicitude.

- *Ensinanzas culturais e deportivas.*

Os voluntarios de Protección Civil do Concello de Culleredo terán unha bonificación do 25% neste prezo público.

As familias numerosas de categoría xeral gozarán dunha redución do 50% nas tarifas de matrícula e as familias numerosas de categoría especial dunha redución no mesmo concepto do 100%.

Artigo 5. Obrigas de pagamento.

- *Conservatorio de música municipal.*

O período impositivo coincide co mes natural. A obriga de pagamento crease no primeiro día do período impositivo agás nos casos das altas e nas matrículas. Nos casos de alta, a obriga crease no momento en que se inicie a prestación do servizo. Enténdese como inicio da prestación do servizo o momento en que se resolva positivamente a solicitude do interesado. Nos casos da matrícula, a obriga de pagamento prodúcese no momento de efectuar este proceso.

- *Centro ocupacional de persoas con discapacidade intelectual A Escada*

O nacemento da obriga producirase o primeiro día de cada mes natural en que se desenvolva a actividade, salvo nos casos de alta nas actividades en que o nacemento da obriga producirase no momento en que se inicie a realización das respectivas actividades, podendo esixirse o seu depósito previo no momento da inscrición.

A solicitude de prestación do servizo supón a orde irrevogable de domiciliación bancaria dos sucesivos recibos mensuais que se presenten ao cobramento ata a baixa no servizo, e se autorizará coa sinatura do solicitante simultaneamente co proceso de solicitude de prestación. A devolución de dúas cotas mensuais consecutivas ou tres alternas determinará a interrupción do servizo.

Como consecuencia da alta, o suxeito pasivo darase por notificado das sucesivas liquidacións que se practiquen coas bases que se acorden.

- *Aulas abertas municipais para persoas adulta*

Hai dúas modalidades de pagamento do prezo público:

1. A través de ingreso bancario do xeito que se especifique na convocatoria de cada período de inscrición. a nome do Concello de Culleredo, sinalando nome, apelidos, NIF e tipoloxía de actividade nas que se inscribe.

2. De xeito excepcional, en efectivo, mediante CARTA DE PAGAMENTO se a matriculación na actividade, existindo praza, é posterior ao inicio de cada período de inscrición

- *Restantes actividades*

A obriga de pagamento prodúcese no momento en que se inicie a prestación do servizo. Enténdese como inicio da prestación do servizo o momento en que se resolva positivamente a solicitude da persoa interesada.

Artigo 6. Xestión.

- *Conservatorio de música municipal.*

- A xestión do prezo público corresponde á unidade de Educación .

- A solicitude de prestación do servizo supón a orde irrevogable de domiciliación bancaria dos sucesivos recibos mensuais que se deriven da obriga de pagamento, ata a baixa no servizo e a asinará o solicitante simultaneamente coa solicitude de prestación.

- A devolución de dúas cotas mensuais consecutivas ou tres alternas determinará a interrupción do servizo. Non poderán renovar praza aqueles que teñan mensualidades non pagadas de calquera outro curso no momento de formalizar a solicitude, polo que deberán estar ao día dos débitos de cursos anteriores.

- Como consecuencia da alta, o suxeito pasivo darase por notificado das sucesivas liquidacións que se practiquen coas bases que se acorden.

- Mensualmente, o órgano xestor remitirá as liquidacións para a súa aprobación e os documentos e soportes necesarios para o cargo na conta en que estean domiciliados os cobramentos e o ingreso das cotas en fondos municipais.

- A xustificación da contía da RPC efectuarase coa presentación do IRPF correspondente ao último exercicio, ou calquera outro documento que o substitúa.

- Enténdese por RPC mensual o resultado de dividir polo número de persoas que compoñen a unidade familiar o cociente resultante de dividir entre doce a suma dos ingresos totais da unidade familiar. Para iso presentarán declaracións individuais ou conxunta da unidade familiar, segundo sexa o caso, coas seguintes consideracións.

- Teñen consideración de ingresos a suma da parte xeral mais a parte especial da base imponible anteriores á aplicación do mínimo persoal e familiar do IRPF. Para as persoas non obrigadas a declarar, as bases imponibles ás que se fai referencia, obteranse como resultado de aplicar aos datos existentes na Administración os criterios de lexislación do IRPF.

- Entenderase como unidade familiar para estes efectos a composta polos cónxuxes non separados legalmente e os fillos menores. En caso de separación legal ou cando non exista vínculo matrimonial, a formada polo pai, a nai e todos os fillos menores que convivan con un ou outro.

- Poderá fraccionarse o pagamento da matrícula en dúas quendas: un primeiro pagamento do 50% que as persoas interesadas deberán efectuar no momento da matrícula; e un segundo pagamento polo resto do importe, a efectuar mediante domiciliación bancaria no número de conta autorizada polos usuarios para tal fin, na segunda quincena do mes de setembro.

- En ningún caso procederá a devolución do prezo público.

- *Centro ocupacional de persoas con discapacidade intelectual A Escada*

- A xestión do prezo público corresponde á unidade técnica de Benestar Social
- O prezo público esixirase en réxime de autoliquidación.
- Os suxeitos pasivos que motiven a prestación dos servizos mencionados presentarán un escrito dirixido á Alcaldía solicitando esta prestación.
- Cando se presenten as solicitudes, efectuarase o ingreso anticipado en concepto de depósito previo do importe do prezo público, requisito indispensable para que se inicie a prestación dos servizos solicitados.
- Mensualmente, o órgano xestor aprobará as liquidacións e remitirá os documentos e soportes necesarios para o cargo na conta en que estean domiciliados os cobramentos e o ingreso das cotas en fondos municipais.
- Todas as persoas usuarias doutros municipios poderán utilizar o transporte sempre que o autocar teña praza dispoñible e non altere o percorrido. Así mesmo o prezo público por xornada formativa, natación, comedor e obradoiros corresponderase tamén neste caso co custo real do servizo.
- Documentación económica requirida: unha vez que se cumpriron os requisitos de acceso, segundo se especifica na ordenanza reguladora correspondente procederase ao cómputo de ingresos persoais e ao cálculo do tramo de renda persoal (RP) segundo corresponda para a aplicación do prezo público previsto.
- Denomínase como renda persoal (RP) ao cómputo de ingresos da persoa beneficiaria, calculados do seguinte xeito:
 - Total de ingresos medios percibidos nos seis meses anteriores á data da solicitude en concepto de retribucións salariais, rendas, pensións, prestacións, axudas, subsidios, subvencións ou calquera outra axuda de carácter económico.
 - Os ingresos medios obtidos durante os 12 meses anteriores á presentación da solicitude, percibidos por actividades profesionais ou empresariais.
 - Cando a persoa solicitante se atope nun tramo máximo, é dicir, que dispoña dunha renda persoal (RP/mes) segundo o caso superior á renda máxima recollida nesta ordenanza poderá prescindir de presentar a documentación requirida na ordenanza reguladora do servizo do CO "A Escada" para a xustificación de ingresos e se lle aplicará polo tanto a tarifa máxima sinalada para o efecto.
 - A petición por escrito da persoa interesada, ou de oficio, se a situación é coñecida pola área técnica municipal de Benestar Social, tramitarase expediente de redución ou aumento do prezo público cando os ingresos persoais varíen significativamente ao longo do período de prestación do servizo.
- *Restantes actividades*
- O prezo público esixirase en réxime de autoliquidación.
- Os suxeitos pasivos que motiven a prestación dos servizos mencionados presentarán un escrito dirixido á Alcaldía solicitando esta prestación.
- Cando se presenten as solicitudes efectuarase o ingreso anticipado en concepto de depósito anterior do importe do prezo público, requisito indispensable para que se inicie a prestación dos servizos que se soliciten.
 - O material persoal necesario para as actividades correrá por cargo de cada persoa participante.
 - Para o inicio de calquera das actividades é necesario contar cun número mínimo de 6 persoas inscritas.
 - Actividades culturais e actividades deportivas
 - O importe do prezo público refírese ao curso completo. No momento da inscrición, poderá elixirse entre pagar o curso completo ou fraccionar o importe en trimestres, de tal xeito que a solicitude de inscrición nas actividades e a admisión nas mesmas supoña a orde irrevogable de domiciliación bancaria dos sucesivos recibos trimestrais que se deriven da obriga de pagamento, ata a finalización do curso e a asinará o solicitante simultaneamente coa solicitude de inscrición.

- -A devolución de dúas cotas consecutivas determinará a interrupción do servizo. Non poderán renovar praza aqueles que teñan cotas non pagadas de calquera outro curso no momento de formalizar a solicitude, polo que deberán estar ao día dos débitos de cursos anteriores.
- -Posto que a obriga de pagamento nace coa admisión ao curso, a baixa na actividade non supón que desaparece a obriga de pagamento das cotas nas que se fraccionara o importe da matrícula no curso.

PREZO PÚBLICO POLA UTILIZACIÓN DE INSTALACIÓNS DEPORTIVAS

1. Obxecto

O obxecto deste prezo público está constituído pola utilización de instalacións deportivas municipais.

2. Obrigados ao pagamento

Están obrigados ao pagamento do prezo público as persoas físicas ou xurídicas e as entidades ás que a normativa tributaria impón o cumprimento de obrigas tributarias, que utilicen as instalacións ou reciban os servizos que constitúen o obxecto do prezo público.

3. Cuantía.

O importe determinarase por unha cantidade resultante da aplicación das seguintes tarifas:

1.- Aluguer polideportivas municipais.	
Tarifa diúrna, por hora	23,50€
Tarifa nocturna (con iluminación), por hora	33 €
Tarifa diúrna outros municipios, por hora	50 €
Tarifa nocturna outros municipios, por hora	60 €
2.- Aluguer campos de fútbol do Burgo e Vilaboa	
Tarifa diúrna, fútbol 7, por hora	25 €
Tarifa nocturna (con iluminación) fútbol 7, por hora	35 €
Tarifa diúrna, fútbol 11, por hora	50 €
Tarifa nocturna (con iluminación) fútbol 11, por hora	65 €
Tarifa diúrna fútbol 11, por partido	85 €
Tarifa nocturna (con iluminación) fútbol 11, por partido	110 €
Tarifa día completo, sen iluminación	600 €
Tarifa día completo, con iluminación	700 €
Tarifa diúrna outros municipios, fútbol 7, por hora	46 €
Tarifa nocturna (con iluminación) outros municipios, fútbol 7, por hora	66 €
Tarifa diúrna, fútbol 11 outros municipios, por hora	100 €
Tarifa nocturna (con iluminación) outros municipios, fútbol 11, por hora	120 €
Tarifa diúrna, fútbol 11 outros municipios, por partido	170 €
Tarifa nocturna (con iluminación) outros municipios, fútbol 11, por partido	220 €
Tarifa día completo outros municipios, sen iluminación	1.200 €
Tarifa día completo outros municipios, con iluminación	1.400 €

4. Obriga de pagamento.

A obriga do seu pagamento nace cando se solicite a autorización para o uso das instalacións. No caso de que a solicitude non fose autorizada, procederá a devolución do importe pagado.

5. Xestión.

- Nas instalacións deportivas municipais terán prioridade sempre os alumnos/as de Culleredo en idade escolar.
- As solicitudes de uso das instalacións municipais faranse mediante escrito dirixido ao concelleiro/a de Deportes ou órgano competente no seu momento.
- As solicitudes resolveranse nun prazo non superior a 48 horas.
- A adxudicación da instalación efectuarase por orde de entrada das solicitudes no Rexistro municipal, de conformidade cos seguintes criterios:
 1. Partidos oficiais ao usuario habitual da instalación.
 2. Clubs federados municipais.
 3. Equipos, peñas e empresas do Concello.
 4. Clubs federados de fóra do Concello.
 5. Equipos, peñas ou empresas de fóra do Concello.
- Para a utilización das instalacións a entidades deberá presentarse o xustificante bancario do aboamento efectivo do prezo público correspondente ao pagamento dos servizos de conserxaría da instalación. O pagamento do prezo público efectuarase dentro das 24 horas seguintes á recepción da comunicación da concesión e, en todo caso, antes da utilización da instalación.
- Os clubs do Concello presentarán as solicitudes das instalacións debendo achegar o calendario oficial 24 horas despois de recibilo da correspondente federación; a programación dos adestramentos deberá entregarse antes do día 1 de setembro.
- No caso de producirse alteracións nos calendarios oficiais ou de adestramentos por calquera motivo, comunicarse inmediatamente ao concelleiro/a de Deportes, quen á súa vez reunirá os clubs que estean afectados co fin de estudar a incidencia e resolvela adecuada e consensuadamente. No caso de non conseguir o consenso, o concelleiro/a resolverá o procedente.
- Os danos que se produzan pola deficiente utilización das instalacións serán por conta da entidade usuaria da instalación nese momento. No caso de reincidencia o Concello poderá retirar o uso da instalación á entidade responsable dos danos.
- Os clubs federados do Concello estarán exentos do pagamento das instalacións.

O Concello resérvase a organización de eventos nas instalacións municipais coas federacións, Xunta e Deputación.

PREZO PÚBLICO POR UTILIZACIÓN DO SERVIZO DE PRÉSTAMO DE BICICLETAS

Artigo 1. Obxecto:

O obxecto deste prezo público é o cobramento pola utilización do servizo de préstamo de bicicletas do Concello de Culleredo.

Artigo 2. Obriga de pagamento:

A obriga do seu pagamento nace no momento de solicitude polo usuario de incorporación ao sistema de aluguer de bicicletas.

Artigo 3. Obrigados ao pagamento:

Están obrigadas ao pagamento as persoas físicas que utilicen o servizo de préstamo de bicicletas.

Artigo 4. Importe:

- Tarxeta : 3,50€/ud

- Utilización do servizo: hai dúas modalidades diferentes de utilizar o servizo, das que se derivan dous importes:

Modalidade 1: Só para as persoas empadroadas en Culleredo que queiran utilizar o servizo de xeito habitual. Dá dereito ao emprego durante 1 ano do servizo de aluguer de bicicletas.....	11,00 €/ano
Modalidade 2: Para o resto das persoas usuarias. Dá dereito ao emprego durante 1 semana do servizo de aluguer de bicicletas.....	6,00€/semana

Artigo 5. Xestión:

A xestión do prezo público corresponde ao servizo de Promoción Económica do Concello de Culleredo.